

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE ABRIL DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e sete de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 20 de abril de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de abril de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de Augas de Galicia, do 19 de abril de 2021, pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A). (Diario Oficial de Galicia número 76, do 23 de abril de 2021).

- Resolución do 16 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Consellería de Política Social, pola que se publica a Resolución do 15 de abril de 2021 pola que se finaliza o procedemento BS700A, de concesión de subvencións destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá para o ano 2021, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo, no

marco operativo FSE Galicia 2014-2020. Figura no Anexo II a Relación de axudas concedidas ao abeiro da liña do artigo 3.1.b) Programa II. Servizos de atención temperá existentes non subvencionados e implantación de novas unidades. B. Puntuación obtida e importes máximos accións subvencionadas o Concello de Cambre cunha puntuación de 12 e a suma-importe máx. axuda de 42.962,40 €. (Diario Oficial de Galicia número 77, do 26 de abril de 2021).

- Resolución número 2021/15734 do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma Deputación provincial da Coruña, de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa de socorrismo FO023B/2021 dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021. Figura o Concello de Cambre, co obxecto "servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre, cun importe de subvención de 7.008,91 €. (Boletín Oficial do Provincia número 76, do 26 de abril).

- R.P. 2021/16106 do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes. excma. Deputación provincial da Coruña, de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106/2021, de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021. Figura o Concello de Cambre co obxecto "mantemento de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021", cun importe de subvención de 15.000,00 €, un coeficiente de 0,8000 e un presuposto subvencionado que se ha xustificar de 18.750,00 €. (Boletín Oficial da Provincia número 77 do 27 de abril de 2021).

- Orde do 12 de abril de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F). (Diario Oficial de Galicia número 78, do 27 de abril de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.1 Proposta de prórroga na execución da obra de "Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro. O Temple, Cambre". Expediente 2020/C002/000135

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 29 de setembro de 2020 adxudicaouse o contrato menor para a execución da obra de "Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre" á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L no prezo ofertado de 38.931,48 € sen IVE, 47.107,09 € IVE incluído.

Con data 17 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos de dita obra, cumprindo co establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, segundo consta no informe de necesidade de data 27/08/2020 e no punto 6 das prescricións técnicas de data 26/08/2020, é de dous meses.

Vista a solicitude de paralización do prazo de execución da obra presentada pola empresa adxudicataria Narón Servicios de Medio Ambiente S.L., con data 27/01/2020 e número de rexistro 202199900000456, na que expón que os traballos estiveron paralizados dende o 21 de decembro de 2020 ata o 21 de xaneiro de 2021 “debido ao paro do sector da construción segundo o convenio ao que pertence a empresa Narón Servicios S.L. dita empresa adxudicataria estivo pechada, ao igual que peche do C.E.I.P. Portofaro por motivos vacacionais e posterior a isto, as condicións climatolóxicas adversas non permitiron realizar os traballos en altura”.

Visto, o informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data do 22 de marzo de 2021, no que considera xustificadas os motivos alegados pola empresa e propón que se amplíe o prazo de execución nun mes, prazo igual ao solicitado como paralización da execución, ata o 19/02/2021, data na que efectivamente rematou a obra, formalmente recepcionada con data 17/03/2021.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Acordar a ampliación dun mes, ata o 19 de febreiro de 2021, na execución da obra “Mellora e adecuación do polideportivo do CEIP Portofaro, O Temple, Cambre” (Expediente 2020/C002/000135), adxudicada á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente S.L., en virtude do informe emitido polo arquitecto municipal con data 22/03/2021 no que considera que os motivos para a solicitude veñen xustificadas polo vixente convenio da construción e nas condicións climatolóxicas adversas sufridas, que imposibilitaron a execución dos traballos na cuberta da edificación, polo que a obra rematou na data prorrogada do 19/02/2021.

Segundo: Notificar á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, e á técnica de xestión de Administración xeral, para os efectos oportunos”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 16 ao 22 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 503/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 545/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatua	Asunto
503/2021	16-04-2021	Expediente de xeración de crédito número 2/2021. Convenio



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		mantemento e conservación do entorno do Río Mero
504/2021	16-04-2021	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nas Gamelas, Anceis. Propiedade: En investigación.
505/2021	16-04-2021	Licenza para segregar da finca de 1.053,70 m ² sita en Outeiro - Sta. M ^a de Vigo unha parcela de 249,45 m ² co fin de cedela ao concello para a regularización de viario. Solicitante: TSG
506/2021	16-04-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno de Local do día 20 de abril de 2021
507/2021	16-04-2021	Renuncia axuda aluguer de CMPN
508/2021	16-04-2021	CM a Francisco Bueno Capeáns / Abrilustrado 2021
509/2021	16-04-2021	CM a Laura Romero dentro do programa Abrilustrado 2021
510/2021	16-04-2021	CM a Santy Gutiérrez para 3 obradoiros de debuxo e ilustración dentro do programa Abrilustrado 2021
511/2021	16-04-2021	Nomeamento interino operario de servizos
512/2021	16-04-2021	Autorización apertura urna central número 66, letra C co fin de depositar as cinzas de ICF, falecida o 9 de xaneiro de 2021
513/2021	19-04-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AVM
514/2021	19-04-2021	Conceder a axudas recibos de luz por importes de 36,66 e 32,82 euros e de gas por improte de 22,14 euros. Solicitante: ADCM
515/2021	19-04-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 560 euros. Solicitante: MMMJ
516/2021	19-04-2021	Conceder a axuda recibos de luz por importe de 97,31 euros e de 109,03 euros. Solicitante: CRSR
517/2021	19-04-2021	Licenza de edificación para construír dúas vivendas unifamiliares pareadas (parcelas 13 e 14) sitas en Roncesvalles - Brexo. Solicitante: RH, S.L.
518/2021	19-04-2021	Expediente de xeración de crédito número 1/2021. Convenio coa Deputación da Coruña para financiar as obras de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez
519/2021	19-04-2021	Licenza construción de dúas vivendas unifamiliares en lugar roncesvalles (parcelas 17-18). Solicitante: RH, S.L.
520/2021	19-04-2021	Licenza de edificación para construír dúas vivendas unifamiliares pareadas en Roncesvalles - Brexo (parcelas 15 e 16). Solicitante: RH, S.L.
521/2021	19-04-2021	Licenza de edificación de vivenda no lugar de Meixigo - Cambre. Solicitante: M ^a DPL
522/2021	19-04-2021	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma na vivenda; na construción auxiliar e actuacións diversas na parcela sita no lugar de Barreira, Cambre. Propiedade: Mde la CBV e FJCS
523/2021	19-04-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Informativas Permanentes do día 22 de abril de 2021
524/2021	19-04-2021	Aprobación solicitude REDE CULTURAL 2021
525/2021	19-04-2021	Concesión administrativa e apertura da urna perimetral sinalada co número 171, letra B, co fin de inhumar o cadáver de dona AAD, falecida o 19 de febreiro de 2021
526/2021	20-04-2021	Convocatoria e bases posto de coordinador deportivo
527/2021	20-04-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras diversas na parcela sita en Gamelas, Anceis, consistentes en: reforma da construción principal e secundaria, un muro de peche de bloques de formigón nun parcial dos lindes da parcela, un portal de acceso, unha caixa amarmario para contador e diversos muros de cachotería de pequena altura. Propiedade: FJGP
528/2021	20-04-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras nas edificación existentes na parcela sita en Calle, Pravio. Propiedade: H P de P S.L.
529/2021	20-04-2021	Reposición legalidade urbanística por utilización de cheminea por parte del establecemento denominado EGD
530/2021	20-04-2021	Desestimento axuda luz e auga de BQB
531/2021	20-04-2021	Contrato Menor: Rediseño da páxina web do Concello de Cambre
532/2021	20-04-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
533/2021	20-04-2021	Reposición legalidade urbanística por ocupación de vía pública (acopios materiais e caseta prefabricada) sen autorización na fronte da vivenda sita en Sobrecarreira, Sigrás. Propiedade: APD
534/2021	20-04-2021	Personación procedemento abreviado 102/2021 interposto por ASRE, S.A
535/2021	20-04-2021	Personación procedemento abreviado 101/2021 interposto por ASRE, S.A
536/2021	20-04-2021	Comparecencia procedemento abreviado 2/2021
537/2021	20-04-2021	Expediente de xeración de crédito número 1/2021. Convenio coa Deputación da Coruña para financiar as obras de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez
538/2021	21-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 78.520,75 euros
539/2021	21-04-2021	Autorización para ocupar o espazo público sito nos baixos da autopista AP-9, zona Polígono da Barcala e rúa Temple, desde as 20:00 horas do día 27 de abril de 2021 ata as 01:00 horas do día 28 de abril de 2021, así como o control da iluminación pública e permiso de acceso co coche de escena ao baixos da AP-9 , co fin de poder realizar a rodaxe de distintas escenas da película Proyecto Emperador. Solicitante: MRP en representación de Proyecto Emperador AIE
540/2021	21-04-2021	Expediente de transferencia de crédito núm. 2/2021. Achega

		municipal do proxecto de Acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez
541/2021	21-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 66.275,19 euros
542/2021	21-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 58.784,50 euros
543/2021	22-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 72.499,75€
544/2021	22-04-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 35.959,31 euros
545/2021	22-04-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por non estar xustificada a situación de necesidade. Solicitante: EDRA

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000004, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña

- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) , correspondente ao proxecto de “Acondicionamiento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, obra financiada mediante Convenio de cooperación nº 10/2021, entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento de dito proxecto, de 11 de febreiro de 2021.Expediente : 2021/C003/000001

- Proposta de adxudicación do contrato menor para a “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro (Cambre)”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 15.443,32 euros sen IVE, 18.686,42 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000030

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

- A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000004, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente á “Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 22/11/2019 elabórase polo enxeñeiro de Camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, o proxecto denominado “*Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena*”, cun orzamento base de licitación de 80.165,28 € sen IVE, 96.999,99 € IVE incluído.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data 27 de novembro de 2019 polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a actuación prevista atópase nos seguintes ámbitos de afección, polo que deberá obterse a autorización previa dos organismos titulares:

- ✓ estrada DP-1704 , titularidade da Deputación Provincial da Coruña
- ✓ N-550 , titularidade do Ministerio de Fomento
- ✓ AC-400 e AC-214 , titularidade da Xunta de Galicia

O proxecto foi aprobado polo Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña.

Constan no expediente as autorización dos diferentes organismos titulares dos ámbitos de afección da obra, requiridas á vista do informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal o 27 de novembro de 2019:

- ✓ autorización da Deputación Provincial da Coruña que foi remitida ao Concello de Cambre a través da plataforma SUBTEL, constando como efectuada o día 17 de decembro de 2019, e na que se establece unha vixencia de dous anos dende a data da súa notificación.
- ✓ autorización da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, con data de entrada no rexistro municipal o 9 de xaneiro de 2020 e número 0/91, con vixencia dun ano desde a notificación.
- ✓ autorización da Xunta de Galicia, con entrada Rexistro do Concello de Cambre o día 23 de abril de 2020 e número de rexistro 20209000000751, cunha vixencia de seis meses desde a notificación da resolución.

Con data do 16 de decembro de 2020 solicitáronse novas autorizacións á Axencia galega de Infraestruturas e máis á Demarcación de carreteras do Estado en Galicia, autorizacións que se reciben no Concello de Cambre con datas do 12 de marzo e 9 de abril de 2021, respectivamente.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2020 aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 25 de outubro de 2019 e publicadas no BOP núm. 208, do 31 de outubro de 2019. Mediante Resolución da Presidencia núm. 2020/23130, do 29 de xullo de 2020, considerouse definitivamente aprobado o plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020", de data 30 de xuño de 2020, a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación nas sesións realizadas os días 27 de abril e 25 de maio de 2018, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP núm. 82, do 2 de maio de 2018 e no núm. 101 do 30 de maio de 2018, respectivamente, e na páxina web da Deputación: www.dacoruna.gal/contratacion/documentos. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Cómpre ter en conta que a Deputación Provincial da Coruña aprobou novos pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto, aberto simplificado e aberto simplificadísimo das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión do 26 de febreiro de 2021, publicados no BOP núm. 42, do 4 de marzo de 2021.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena	96.999,99 €	0,00 €	96.999,99 €

Consta a acta de replanteo asinada polo enxeñeiro de Camiños municipal con data 14 de setembro de 2020.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 13/02/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 161.60900 por importe de 96.999,99 euros.

Consta o informe técnico de necesidade elaborado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 25 de agosto de 2020.

Constan informes técnicos de necesidade modificados, con datas do 28 de xaneiro de 2021, 10 de febreiro de 2021 e 13 de abril de 2021, elaborados polo enxeñeiro de Camiños-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, nos que se propoñen novos criterios de adxudicación, no derradeiro deles de acordo co novo Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobados polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 (BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021).

Consta a providencia de data 19 de abril de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor municipais con data do 21 de abril de 2021 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

Vista a proposta desta concellería-delegada de Economía , Facenda e Recursos Humanos de data 21 de abril de 2021.

Visto o informe posterior emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor municipais con data do 23 de abril de 2021

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende basicamente a ampliación das redes de augas fecais na zona de Graduil e A Pena e a mellora do abastecemento na zona de Graduil, polo que o Concello está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*“o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “c) abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais”*), tratándose ademais dun servizo mínimo obrigatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/85, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000004, por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas, (cun único criterio de valoración: oferta económica), correspondente a:

- Obxecto do contrato: *“Ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Graduil e A Pena”*, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 da Deputación Provincial da Coruña
- Orzamento base de licitación: 96.999,99 euros IVE incluído
- Valor estimado: 80.165,28 euros
- Prazo de execución (fixado no proxecto): 3 meses

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na Base Sétima das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP do 31/10/2019, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de

fórmulas) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021 (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 96.999,99 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 161.60900.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaría Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Deñanoë, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de

valor e criterios de apreciación automática) , correspondente ao proxecto de “Acondicionamiento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, obra financiada mediante Convenio de cooperación nº 10/2021, entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento de dito proxecto, de 11 de febreiro de 2021. Expediente : 2021/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 28 de agosto de 2020 o Pleno do Concello de Cambre aprobou o proxecto para o acondicionamento da pista exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, elaborado polo arquitecto don Antonio Vázquez Santos, da entidade “A.V. Arquitectura y Construcción, S.C.”, cun orzamento total de 91.198,95 euros IVE incluído , así como aprobar unha solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña por importe de 72.800,00 euros, o que supón un coeficiente de financiamento do 79,83 %.

Con data do 4 de setembro de 2020 , e número de rexistro 202099900069298 presentase na plataforma Subtel a documentación requirida pola Deputación Provincial da Coruña para asinar un convenio entre esta e o Concello de Cambre para o acondicionamento da pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Con data 19 de setembro de 2020 a Deputación Provincial da Coruña solicita que se emende e complete a documentación técnica do proxecto, modificacións que non afectan nin ao obxecto nin ao orzamento.

Con data 26 de outubro de 2020 e número de rexistro 202099900003658 presentouse o proxecto modificado, segundo as directrices propostas pola Deputación Provincial da Coruña, proxecto que consta con informe de conformidade técnica emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 28 de outubro de 2020.

O Pleno do Concello de Cambre , con data do 26 de novembro de 2020, acordou aprobar a modificación do proxecto para o acondicionamento da pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, obxecto do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre.

Consta informe urbanístico do arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de data 12/08/2020, no que se indica que :

- a actuación se leva a cabo sobre un solo municipal cualificado nas normas subsidiarias de Planeamento Municipal (BOP 222 do 27 de setembro de 1994) como “Equipamento de interés público e social”, regulado no artigo 64 das mencionadas Normas Subsidiarias.
- o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación sinaladas anteriormente
- que os traballos se realizan sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal, sinalándose expresamente que os terreos afectados pola presente actuación son aptos, urbanísticamente, para levar a cabo a súa execución.

Con data do 11 de febreiro de 2021 asínase un convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do dito proxecto, convenio nº 10/2021, en virtude do cal a Deputación financiará unha porcentaxe do 79,82548 % do orzamento das obras, por un importe de 72.800,00 euros, debendo o Concello utilizar para a adxudicación das obras os pregos tipo de contratación aprobados pola Deputación Provincial da Coruña, empregando ben o procedemento aberto ou o procedemento aberto simplificado.

O financiamento da obra é o seguinte:

Denominación	Deputación	Concello	Total
Proxecto de " Acondicionamento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez "	72.800,00 €	18.398,95 €	91.198,95 €

Con data do 28 de febreiro de 2021, o coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude emite informe de necesidade da contratación, no que indica que o acondicionamento da pista polideportiva exterior do Ceip Wenceslao Fernández Flórez ten, en primeiro lugar, unha motivación argumentada por pertencer a un espazo dotacional de infraestruturas deportivas, conxunto formado por: polideportivo municipal e ximnasio, onde se desenvolven as actividades de educación física curricular do centro, as actividades extraescolares das anpas, así como a vida asociativa e comunal dos veciños a través da práctica deportiva libre en horario non lectivo, e que debido a razóns e competencias de interese público, considérase preciso o acondicionamento e adecuación da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez que, adaptado ás normativas vixentes, poida ser utilizado para continuar coa democratización deportiva e para mellorar a saúde da poboación infantil a través dunha práctica de educación física segura e de calidade.

Consta o informe técnico elaborado polo arquitecto municipal, de data 31 de marzo de 2021 no que se propoñen os criterios de valoración das ofertas.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 21 de abril de 2021 pola Intervención municipal, con cargo á aplicación 342 62200 Instalacións deportivas, por importe de 91.198,95 euros.

Consta acta de replanteo do proxecto, asinada polo seu redactor e máis polo arquitecto municipal, con data 22 de abril de 2021.

Consta a providencia de data 22 de abril de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Consta informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria e o interventor municipais co data do 26 de abril de 2021 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO:**

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se pretende o acondicionamento e renovación da pista polideportiva exterior sita a carón do CEIP Wenceslao Fernández Florez, mediante a instalación dun novo pavimento sobre a soleira existente, e a adecuación dos espazos anexos mediante a instalación dun cespede artificial, a fin de que poida ser utilizado para continuar coa democratización deportiva e para mellorar a saúde da poboación infantil a través dunha práctica de educación física segura e de calidade, polo que o Concello está a cumprir coas súas competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e a ocupación do tempo libre, contempladas no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente a:

- Obxecto do contrato: Proxecto de "*Acondicionamiento de pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez*"

Obra financiada mediante Convenio de cooperación nº 10/2021, entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento de dito proxecto, de 11 de febreiro de 2021.

- Orzamento base de 91.198,95 Euros (IVE INCLUIDO) licitación:

- Valor estimado: 75.371,03 euros

- Prazo de execución (fixado 2 meses no proxecto):

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: De conformidade co establecido na cláusula IV, apartados 2 e 3, do convenio nº 10/2021 asinado entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para o financiamento desta obra, declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP núm. 42 do 4 de marzo de 2021, (versión castelán), e con suxeición ao proxecto e documentación técnica que o integra, obrantes no expediente.

Cuarto: Aprobar o gasto, por importe de 91.198,95 €, IVE incluído, por conta da aplicación orzamentaria 342.62200.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal don Óscar Souto Muiño.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada dos prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Setimo: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.

Oitavo: Tendo en conta que a cláusula XIV , paragrafo segundo, do convenio de cooperación asinado para o cofinanciamento de ditas obras (convenio nº 10/2021 do 11 de febreiro) establece que *“para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das dúas institucións nomeados polo Presidente da deputación e polo Concello respectivamente”* polo Sr. Alcalde designarase a dous representantes municipais para que integren, xunto cos técnicos que designe a Deputación Provincial da Coruña, a comisión de seguimento establecida na antedita cláusula.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación do contrato menor para a “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro (Cambre)”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 15.443,32 euros sen IVE, 18.686,42 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000030

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 17/03/2021 asínase polo arquitecto municipal os documentos denominados “Prescricións técnicas para a contratación das obras de reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro. Cambre” e “Descrición técnica: reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro. Cambre”, cun importe de licitación de 16.605,73 euros sen IVE e 20.092,93 euros IVE incluído, e un prazo de execución de dous meses.

Na mesma data do 17 de marzo de 2021 asínase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito o proxecto técnico da obra, coa denominación de “Descrición Técnica para a reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro. Cambre”.

Con data 18/03/2021 asínase polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente á obra de referencia, no que se motiva a necesidade de executar dita obra na optimización das condicións existentes na actualidade neste local social en canto ao aproveitamento espacial e o uso que derivase deste aproveitamento por parte dos seus usuarios. A día de hoxe, todas as actividades que se realizan e se programan neste recinto, demandan maior espazo libre para o correspondente desenvolvemento das mesmas.

En concreto, propónse a ocupación de parte do soportal existente, incorporando esta superficie á superficie útil do edificio; e incorporando tamén, ao salón actual, o espazo ocupado polo vestíbulo de entrada. Conséguese así, un espazo único e diáfano que conta cunha superficie de 76,50 m². Con isto auméntase a superficie do salón actual en máis dun 50%, sen que supoña ampliar a volumetría do edificio.

Con data 22/03/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933 62200 (edificios e outras construcións, Xestión Patrimonio), dentro do código de proxecto 2021 4 933 (Ampliación do centro social de Andeiro).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

As obras que se pretenden levar a cabo enmárcanse dentro das competencias que o Concello de Cambre ten en materia de *“infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade”*, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Con data 08/04/2021 emítase informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES NAVILA, S.L.
- CANARGA, S.L.
- NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESAS	CRITERIO ECONÓMICO		
	OFERTA	BAIXA	%
NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L.	18.686,42	1.406,51	7,00
CONSTRUCCIONES NAVILA S.L.	19.375,80	717,13	3,57
CANARGA S.L.	20.092,93	0,00	0,00

formulando proposta de adjudicación da obra do contrato menor para a “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro (Cambre)” a Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L, co CIF: B700***** e domicilio en rúa Pé do muíño 17 Meirás, 15168 Sada, no prezo ofertado de 15.443,32 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 18.686,42 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, o prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 17 de abril de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 110/2021 - Reparos 36R, emitido polo interventor da Corporación con data do 19 de abril de 2021.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 22 de abril de 2021, e máis o informe de fiscalización nº 122/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de abril de 2021. Tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 565/2021 de 26 de abril, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2. d) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do

régime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Descrición Técnica para a reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro. Cambre”, asinado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de licitación de 16.605,73 euros sen IVE e 20.092,93 euros IVE incluído, e un prazo de execución de dous meses, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 62200.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000030, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a “Reforma e ampliación do local social da parroquia de Andeiro. Cambre”, á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L, co CIF: B700***** e domicilio en rúa Pé do muíño 17 Meirás, 15168 Sada, no prezo ofertado de 15.443,32 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 18.686,42 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido, sendo este o factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao arquitecto municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-



Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia